

NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

1. O Consello de Redacción recollerá os artigos orixinais e inéditos referidos á Historia e Arte de Galicia ata o 1 de outubro de cada ano. Poderán presentarse en galego ou castelán. Os artigos sobre temas que non se refiran a Galicia, o autor poderá poñelos na web da Asociación, pero non se publicarán en *Nalgures*.
2. Os artigos virán acompañados dun resumo de cinco a dez liñas no idioma do traballo e noutra lingua europea, que se porá tralo título do artigo e o nome do autor ou autores. A continuación do nome pódese poñer o email do autor. E a continuación do resumo poranse as palabras clave (de catro a oito termos) relacionadas co contido do artigo no idioma do traballo e noutra lingua europea, deixando ao criterio do autor a posibilidade de facelas constar tamén nunha segunda lingua europea, da súa elección.
3. Os traballos recibidos serán avaliados por membros do Comité Científico. A aceptación dos traballos comunicárase aos autores coa maior brevidade posible.
4. Os artigos de investigación terán unha extensión máxima de 17.000 palabras (uns 30 folios). O texto escríbese en formato Microsoft Word co tipo de letra Times New Roman, en corpo 12, interlineal 1,5. Nestes folios inclúense as notas, gráficos, figuras ou fotografías que acompañen ao texto, que deben ter unha resolución aproximada de 300 ppi.
5. Os traballos enviaranse en dúas carpetas diferentes: nunha o artigo e noutra as imaxes. No documento de Word indícase en vermello onde deben ir colocadas as imaxes e o texto que debe acompañalas. (Exemplo: "imaxe 01": A torre de Hércules).
6. As notas deben ir sempre a pé de páxina. Se se trata dunha referencia bibliográfica debe figurar o autor, o ano de publicación e o número de páxina/as citadas. (Exemplo: Capel Martínez, 1989: 311-320).
7. As siglas e abreviaturas utilizadas nos artigos especificáranse claramente ao final do texto. Utilízanse as universalmente coñecidas ou as máis frecuentes na especialidade sobre a que versa o traballo. Exemplo: A.R.G. [Arquivo do Reino de Galicia], Familia Aperribay Pita da Veiga, leg. 196.
8. A bibliografía presentárase ordenada alfabeticamente por autores e do seguinte modo:
 - Libros: HERRÁN GASCÓN, Agustín (2006) *La muerte y su didáctica. Manual para educación infantil, primaria y secundaria*. Madrid, Universitas.
 - Capítulo de libro: BERROU, Claude; GLAVIEUX, Alain, (2007) "Near optimum error correcting coding and decoding: turbo-codes". En: William H. Tranter (ed.) ... [et al.]. *The best of the best: fifty years of communications and net working research*. Piscataway (New Jersey), IEEE Communications Society, cop. pp. 45-55.
 - Artigos de revistas: MEIJIDE PARDO, Antonio (1986) "Incidencia del cólera morbo colérico de 1834 en la provincia de Lugo", *Medicina Galaica*, XXXV, pp.7-15.
 - Citas de internet: <http://www.normasapa.com/plantilla-normas-apa-microsoft-word> [25/10/2018] (A data é a da toma de datos)
9. Corrección de galeradas. Sobre o arquivo en PDF que se remite desde a imprenta, inseríranse as anotacións que se desexen facer como correccións (click co botón dereito do rato e "agregar nota"). Unicamente se admitirán correccións relacionadas coa maqueta ou a posición de parágrafos, imaxes ou gráficos, pero non se permitirá a anulación, supresión, ampliación ou modificación significativa dos contidos do artigo.
10. O Consello de Redacción non se responsabiliza do contido dos artigos nin das autorizacións legais, se fosen precisas, que son responsabilidade exclusiva dos autores.
11. O autor ou autores autorizan implicitamente a poñer na web da Asociación o seu artigo, unha vez editado o correspondente número de *Nalgures*.
12. O envío de artigos deberá remitirse a: webmaster@estudioshistoricos.com